

BOCAS

ANIMAIS EXTRAORDINARIOS

Texto de XULIO GUTIÉRREZ

Ilustracións de NICOLÁS FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 24 x 34 cm. 32 páx. 16 €.

Bocas (galego)

ISBN 978-84-96957-27-5. Faktoría K de Libros. Ciencia.

Bocas (castelán)

ISBN 978-84-96957-28-2. Faktoría K de Libros. Ciencia.

Bocas (portugués)

ISBN 978-972-8781-86-6. Faktoría K de Livros. Ciências.

Bocche (italiano)

ISBN 978-88-95933-64-1. Kalandraka. Animali straordinari.


Entre o ecuador e os polos hai unha enorme cantidade de ecosistemas: dende os ambientes extremadamente fríos do ártico ata os cálidos trópicos, dende os áridos desertos ata as húmidas selvas ecuatoriais. En cada ecosistema miles de animais loitan pola súa vida segundo a dura lei da selección natural: "comer e non ser comido"...

Estamos ante un libro instrutivo, ameno, ben estruturado e de grande atractivo visual. Comeza situando o público ante os diversos grupos do Reino Animal, con exemplos de cada un. Por terra, mar e aire, de norte a sur e en todos os continentes, selecciona unha serie de especies e ofrece información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose especialmente na forma de obter alimento.

Dende a superlingua do oso formigueiro, ata os dentes coma coitelos da piraña, pasando pola anatomía imposible do ornitorrinco ou o aspecto primitivo da lamprea, esta obra ábre-nos as portas ao fascinante mundo da fauna.

"Bocas" é o primeiro volume da serie *Animais Extraordinarios*, ao que seguen "Nacer" (Selección Los + 2009 - Fundación Germán Sánchez Ruipérez), "Construtores" (Selección Los + 2010 e Premio Ánxel Casal de Non-Ficción 2010), "Ocultos" e "Ollos". Publicacións recomendadas para o ámbito escolar e para lectores interesados no medio ambiente; libros que sorprenden pola información asequible e interesante que ofrecen, ademais das súas espectaculares ilustracións naturalistas.

A colección continuará cunha próxima entrega sobre as migracións máis longas e arriscadas.



■ **Temática:** libro de animais e natureza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** da serie *Animais*

Extraordinarios, xunto con "Nacer", "Construtores", "Ocultos" e "Ollos"; ilustracións de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario; lista de especies: oso formigueiro, balea corcovada, vampiro, ornitorrinco, flamengo, crocodilo africano, víbora, piraña, lamprea, estrela de mar, mosquito, lagosta migratoria.

Xulio Gutiérrez

(Vigo, 1958)

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago, é profesor do IES da Pobra do Caramiñal. Vencellado a movementos de renovación pedagóxica, é membro da Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 por profesionais comprometidos con esta materia. É autor de máis dunha vintena de libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

<https://xuliogutierrez.wordpress.com>

Nicolás Fernández

(Madrid, 1965)

Ilustrador autodidacta afincado na Coruña. A maioría das súas obras son acuarelas e bosquejos de fauna e flora, especialmente aves. Publicou tres títulos como autor e traballou como ilustrador para organismos oficiais, xornais, enciclopedias, libros e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina a súa faceta como ilustrador co deseño gráfico e multimedia nunha empresa de xestión ambiental.

www.ilustracionesnaturaleza.com

www.FAKTORÍA **K** DE LIBROS .com

comunicacion@faktoriakdelibros.com